



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Publicación modificación das bases específicas para a cobertura, pola quenda libre, dunha praza de técnico/a superior de administración especial (subgrupo A1), C.E.7/16

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 25 de novembro de 2024, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Modificar a base específica 3.a), relativa aos requisitos esixidos, para incluír a titulación de grado en ciencias ambientais nas bases do proceso selectivo convocado, pola quenda libre, para a cobertura dunha praza de técnico/a superior de administración especial – Técnico de Medio Ambiente - Residuos (subgrupo A1), C.E. 7/16, mediante resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, do 20/06/2018 (BOP núm. 144, do 31/07/2018) e modificadas por resolución do 05/09/2018 (BOP núm. 202, do 23/10/2018).

Segundo.- Modificar a base específica 5, relativa ao prazo de presentación de instancias, dispoñendo a apertura dun novo prazo de presentación de instancias de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da modificación da convocatoria no BOE.

Terceiro.- Modificar a base específica 7.2.3, relativa ao terceiro exercicio, o cal quedará redactado nos seguintes termos:

“Consistirá en desenvolver por escrito, durante un tempo máximo de 120 minutos, dous temas, a elixir entre catro, da parte específica do temario anexo a esta convocatoria. Os catro temas serán obtidos mediante sorteo público realizado polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio.

O tribunal valorará que as respostas se axusten aos contidos dos epígrafes dos temas elixidos, a estrutura da exposición, a claridade e orde das ideas, a precisión da linguaxe utilizada e a capacidade de síntese.

O exercicio será cualificado cun máximo de 30 puntos. Cada tema cualificarase cun máximo de 15 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 7,5 puntos en cada un deles para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminados. O tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para acadar a devandita puntuación mínima de conformidade cos criterios anteriormente descritos.

Ao remate do exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa resposta.”

Cuarto.- Actualizar os epígrafes que constitúen o contido dos seguintes temas, quedando a súa redacción como sigue:

TEMA 24.- Normativa galega en materia de igualdade: principais medidas contempladas pola Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: Disposicións xerais. As condicións de emprego en igualdade na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico. Medidas de conciliación e corresponsabilidade. Plan de igualdade do Concello da Coruña.

TEMA 26.- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais: Disposicións xerais. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas.

TEMA 32.- Residuos. Normativa comunitaria, estatal, autonómica e local. Competencias das distintas Administracións Públicas. Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Os residuos. Concepto e clases de residuos. A xestión dos residuos: principios e obxectivos. Instrumentos da política de residuos. Os plans e programas de residuos, con especial referencia a Galicia.

TEMA 33.- Residuos. Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

TEMA 37.- Residuos. Vertedoiros. Construción, mantemento, xestión, selado e mantemento post-clausura. Real Decreto 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

TEMA 41.- Residuos. Os residuos perigosos. Concepto e clasificación dos mesmos. Residuos especiais: Pneumáticos fóra de uso; residuos de construción e demolición; aparellos eléctricos e electrónicos usados e de pilas e acumuladores usados.

TEMA 44.- Residuos. Plan Estatal Marco de Xestión de Residuos 2016-2022 (PEMAR). Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia 2023-2030.

Quinto.- Publicar o texto íntegro das bases coas modificacións indicadas no BOP e na páxina web do Concello (www.coruna.gal). O anuncio desta modificación da convocatoria será publicado no DOG e no BOE.

A Coruña, 2 de decembro de 2024

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2024/8754